

talía teatro presenta

UBÚ REÍ

de Alfred Jerry



DOSSIER DE PRENSA



PRESENTACIÓN

Talía Teatro presenta 'Ubú rei', un espectáculo de gran formato e dirixido a un público adulto, con oito actores e actrices en escena.

Roberto Salgueiro asina e dirixe unha versión libre deste clásico do teatro contemporáneo, que pretende conservar a dureza e pro-cacidade do texto orixinal.

Este espectáculo conta coa axuda á produción da Axencia Galega das Artes Escénicas e Musicais.

A COMPAÑÍA

Talía Teatro aglutina a un equipo de profesionais da escena, que baixo a dirección de Artur Trillo, acumulan anos de traballo en común e unha sintonía na forma de entender o feito teatral.

Un dos puntos fortes da compañía é o alto nivel de implicación do seu equipo: dinámico, activo e con vontade de seguir medrando e afrontar con paixón novos retos e experiencias.

Talía leva a escena proxectos que van alén do pasatempo, ofrecendo nas súas montaxes textos sólidos que abordan a condición humana e provocan unha reflexión, sen esquecer, aínda así, o que leva ao espectador ao teatro: vivir unha experiencia estética en vivo única e irrepetible.

Talía Teatro tamén pon o seu equipo e experiencia artística ao servizo doutro tipo de eventos e programacións culturais como mostras teatrais, escolas de teatro, programacións, etc.

A compañía caracterízase pola súa flexibilidade e a súa capacidade de adaptación e resposta. Con case trinta anos de experiencia, goza ademais dun amplo recoñecemento entre o público e o sector teatral. Actualmente ten en cartel os seguintes espectáculos: 'Ubú Rei', 'Foucellas', 'Pelos na lingua', 'Bicos con lingua', 'Rosa Caramelo e outras historias', 'Sopa de Sapo', 'XANGO, a moi extraordinaria historia do home que foi engulido por unha máquina' e 'Valentino Rufini e kil Pillabán de viaxe a Milán (e van sen un can)'.



“Quixemos converter a representación nun desafío, nunha proposta diferente ao que adoitamos ver: dez personaxes nun espazo de oito metros cadrados que non abandonan durante todo o tempo de representación”.- Roberto Salgueiro.

O ESPECTÁCULO: SINOPSE

Tantas veces visitado o Ubú Rei de Alfred Jarry, desta vez poñemos os ollos para miralo desde o porto de Belfast, nunha versión que pretende conservar a distorsión sintáctica do orixinal e o seu carácter inxenuo e profundamente teatral. Nesta ocasión, Ubú O'Reilly terá como aliado a un Bordure transfigurado en Liam O'Connor para destronar ao rei do porto: Dugan O'Sullivan.

Maragotas, tabaco de contrabando, os costumes ancestrais de Osetia e un cadro variopinto de situacións paradoxais que conforman unha historia cómica que transita veloz sobre o seu propio escenario. E ao mesmo tempo, constitúe unha visión crítica do noso presente a pesar da súa inxenuidade.



FICHA TÉCNICA E ARTÍSTICA

Autor	Alfred Jerry
Dirección	Roberto Salgueiro
Vestuario	Bety Sieira
Escenografía	Dani Trillo
Iluminación	Roberto Salgueiro
Atrezzo	Dani Trillo
Maquillaxe	Martina Cambeiro
Asistencia Técnica	Martina Cambeiro
Asistente de Vestuario	Martina Cambeiro
Comunicación	Clara Sánchez
Asistentes de realización e escenografía	Toño Casais e Diego Rey
Producción	Auri Ferreiro
Distribución	Artur Trillo
Fotografía e vídeo	Rubén Prieto
Elenco	Toño Casais, María Ordóñez, Diego Rey, Marta Ríos, Artur Trillo, Marta Lado, Dani Trillo e Rubén Prieto.



ROBERTO SALGUEIRO

Autor e director teatral.

Cunha ampla traxectoria, foi galardoado en numerosas ocasións polos seus textos. Como director é a terceira vez que colabora con Talía Teatro, tras levar a escena previamente Moliere Final, Volpone e Valentino Rufini e Akil Pillabán de viaxe a Milán (e van sen un can). Na actualidade, dirixe a Aula de Teatro da Universidade de Santiago de Compostela.

MARTINA CAMBEIRO

Vestiario e maquillaxe.

Forma parte do equipo estable de Talía Teatro desde a súa creación e realizou o deseño de vestuario e maquillaxe de case todas as súas producións. As súas realizacións recibiron numerosas nominacións.

TOÑO CASAIS

Actor.

Leva máis de 25 anos vinculado a Talía e dedicados ao teatro, aínda que tamén ten realizado montaxes con outras compañías como Teatro do Atlántico ou o Centro Dramático Galego.

Ten recibido diversos recoñecementos pola súa interpretación como protagonista nos espectáculos 'Palabras encadeadas' e 'Esperando a Godot' e como actor secundario no espectáculo 'O Encoro', de Teatro do Atlántico.



MARÍA ORDOÑEZ

Actriz.

Comezou a súa andadura teatral con Talía Teatro co espectáculo 'Eu así non xogo', no ano 2003. Desde entón, participou xa en nove montaxes da compañía. Cabe salientar a súa interpretación en 'Palabras encadeadas', 'O método Grönholm' e 'Pelos na lingua'.

Ten recibido diversos premios pola súa interpretación como actriz protagonista no espectáculo 'Pelos na lingua'.



DIEGO REY

Actor.

Forma parte da compañía Talía Teatro desde o ano 2006, dentro da que vén desenvolvendo tarefas de actor, técnico, autor e director.

A partir do ano 2010 comeza a orientar a súa carreira de forma decidida cara a dirección, simultaneando traballos para Talía e outras compañías, pero sen deixar de lado a súa labor interpretativa.



MARTA RÍOS

Actriz.

Vinculada a Talía Teatro desde o 2003, ano no que debutou co espectáculo 'Eu así non xogo'. Deste entón, realizou xa once montaxes coa compañía.

Cómpre destacar a súa interpretación en 'Volpone', pola que recibiu o premio María Casares á mellor actriz secundaria.



ARTUR TRILLO

Autor, director e actor.

Artur Trillo leva máis de 25 anos adicados ao teatro e como director da compañía Talía Teatro. Ademais, ten realizado montaxes con outras compañías tales como Teatro do Atlántico, Lagarta Lagarta ou o Centro Dramático Galego.

O seu traballo coma actor foi premiado en numerosas ocasións, destacando a súa interpretación nos espectáculos de Talía Teatro 'Esperando a Godot', 'E ti, quen ves sendo?', 'Bicos con lingua' e 'O Encoro', de Teatro do Atlántico.



MARTA LADO

Actriz.

Recentemente incorporada á compañía, conta xa cunha importante bagaxe tanto a nivel teatral como audiovisual.

Estre os seus traballos destaca a súa interpretación en 'Tartufo', do Centro Dramático Galego.



DANI TRILLO

Actor.

Empezou a súa andadura teatral con Talía Teatro no ano 2003 co espectáculo 'Eu así non xogo'. Desde entón xa participou en doce montaxes da compañía.

Ademais da interpretación sempre tivo interese por todos os elementos que compoñen un espectáculo e ten realizado diferentes traballos nas montaxes de Talía: iluminación, deseño gráfico e deseño de escenografía.



RUBÉN PRIETO

Actor.

Entra a formar parte de Talía Teatro no ano 2010, coa súa participación no espectáculo 'Volpone'.

Ten realizado tamén diferentes traballos audiovisuais e fotográficos para a compañía.





Producións Teatrais Talía S.L.
Vía Marconi 2A, Polígono industrial do Tambre
15890 Santiago de Compostela
info@taliateatro.gal - www.taliateatro.gal
Tfnos. 981943242 - 630877153

compañía asociada a



espectáculo subvencionado por



coa colaboración de

